

Venres, 29 de decembro de 2023

Núm. 249

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****FORNELOS DE MONTES****Ordenanzas e Regulamentos***APROBACIÓN DEFINITIVA MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO
IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES**ANUNCIO BOPPO*

O Pleno da Corporación Municipal, na sesión extraordinaria que tivo lugar o día 9 de novembro de 2023, acordou a aprobación provisional da modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles do Concello de Fornelos de Montes que afecta ao artigo 2.

Dado que non se presentaron reclamacións durante o período de exposición ao público, de acordo co establecido no artigo 17.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, enténdese definitivamente adoptado o acordo, até entón provisional, sen necesidade de acordo plenario.

En cumprimento do establecido no artigo 17.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais procédese á publicación do texto íntegro da modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles do Concello de Fornelos de Montes que queda redactada como segue:

“ARTIGO 2.

1.— O tipo de gravame do IBI queda fixado:

No 0,5 por cento para os bens de natureza urbana.

No 0,3 por cento para os bens de natureza rústica, establecendo como coeficiente de aplicación para o cálculo da valor base na determinación da Base Liquidable dos inmobles de natureza rústica ocupados por construcións o 1,00.

No 1,3 por cento para os bens de características especiais.”

Aprobación e vixencia:

A presente modificación da ordenanza foi aprobada inicialmente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada o 9 de novembro de 2023 e, ao non ser presentadas reclamacións, o acordo quedou elevado automaticamente a definitivo, sendo de aplicación dende o 1 de xaneiro de 2024.

Contra os acordos de aprobación definitiva, os interesados poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior



Venres, 29 de decembro de 2023

Núm. 249

de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Documento asinado dixitalmente ao marxe.

O Alcalde, Emiliano Lage Rodríguez.

